

Subvencións para actuacións de mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento

PARA OS VECIÑOS

PARA QUEN:

Entidades ou empresas que estean comprendidas na definición de pequena ou mediana empresa (PEME) e que teñan autorizado ou clasificado, no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia, o establecemento turístico para o cal se solicita a axuda. Deberase acreditar unha antigüidade no exercicio da actividade no establecemento para o que se solicita a subvención non inferior á 5 anos á data de solicitude da axuda. Admitiranse as modificacións de titularidade por sucesión familiar ata o 4º grao incluído de consanguinidade ou afinidade durante o dito período.

Só se poderá presentar unha única solicitude por establecemento.

PARA QUE:

Mellorar as infraestruturas de establecementos de aloxamento turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Son obxecto da subvención:

- Actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
- Obras destinadas á mellora das instalacións para obter certificacións de calidade, en especial o Q de calidade turística.
- Actuacións destinadas á mellora da clasificación do establecemento por incremento de categoría.
- Actuacións de mellora da climatización que favorezan a sustentabilidade coa implementación de medidas de aforro enerxético.
- Actuacións relativas á renovación e modernización das instalacións así como ao embelecemento do contorno.
- Renovación dos equipamentos mobles necesarios.

Os proxectos para os que se solicite a subvención non poderán ter un investimento neto (excluído o IVE) superior aos 100.000 €.

Consideraranse actuacións subvencionables todas aquelas que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2019.

PARA QUE:

E os gastos que se poden subvencionar son:

- Os gastos de obra e de adquisición de bens mobles inventariables vencellados coa execución da actuación para a que se solicita a subvención.
- Servizos profesionais vinculados ao proxecto como honorarios técnicos de redacción do proxecto e dirección de obra (non poderán ser superiores ao 6% do investimento neto).

COMO:

Baixo o réxime de concorrencia competitiva, en función da puntuación acadada conforme os criterios de valoración que figuran nas bases da convocatoria.

CON QUE IMPORTE:

O importe máximo será do 35% do importe do investimento neto do proxecto subvencionado, en función da puntuación obtida por cada solicitude en aplicación dos criterios de valoración, cun máximo de 35.000 €.

CANDO:

Convocatoria publicada no DOG nº 19 de 28 de xaneiro de 2019. Páxina 5236

MÁIS INFORMACIÓN:

www.turismo.gal

T. 981 54 63 64 / 981 54 74 04

Enderezo electrónico: fomento.turismo@xunta.gal